

# APLICACIÓN DO ETIQUETARIO MORFOSINTÁCTICO DO SLI Ó CORPUS DE TRADUCCIONS *TECTRA*

**José Luis Aguirre Moreno**

**Alberto Álvarez LUGRÍS**

**Xavier Gómez Guinovart**

Seminario de Lingüística Informática

Universidade de Vigo

**Resumo:** Neste artigo preséntase un etiquetario morfosintáctico completo e normalizado para etiquetar corpus lingüísticos de lingua galega. A elaboración deste etiquetario, deseñado polo Seminario de Lingüística Informática (SLI) da Universidade de Vigo seguindo estritamente as recomendacións de *EAGLES* (Leech e Wilson 1996), adaptadas por vez primeira ó galego, inclúe a creación dun etiquetario intermedio que nos permite establecer unha correspondencia entre a información gramatical para o galego codificada no *CLUVI* (Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo) e a que se atopa codificada no formato estándar de *EAGLES* en corpus doutras linguas.

**Abstract:** In this article we present a complete and normalized morphosyntactic tagset for the annotation of linguistic corpora in Galician. The elaboration of this tagset, designed by the Computational Linguistics Group (SLI) of the University of Vigo, following strictly the *EAGLES* recommendations (Leech and Wilson, 1996), includes the creation of an intermediate tagset that allows us to establish a correspondence between the grammatical information encoded for Galician in the *CLUVI* (Linguistic Corpus of the University of Vigo) and the information encoded in the *EAGLES* standard format in corpora of other languages.

## 1. Introducción<sup>1</sup>

O *CLUVI* (“Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo”) é un corpus textual de rexistros especializados de lingua galega contemporánea oral e escrita. No seu estado actual de desenvolvemento, os textos da sección escrita do *CLUVI* pertencen a catro rexistros especializados (dos ámbitos xurídico-administrativo, periodístico, informático e literario) e a tres “combinacións” lingüísticas co galego (monolingüe galego, tradución galego-castelán e tradución inglés-galego), e posúen unha extensión total aproximada de 4 millóns de palabras. Os textos do *CLUVI* repártense en catro subcorpus de ó redor de 1 millón de palabras cada un: o corpus paralelo *TECTRA* (*CLUVI*-1) de textos literarios inglés-galego, o corpus paralelo *LEGA* (*CLUVI*-2) de textos xurídico-administrativos galego-castelán, o corpus monolingüe *XIGA* (*CLUVI*-3) de textos sobre informática en galego e o corpus monolingüe *MEGA* (*CLUVI*-4) de linguaxe dos

---

<sup>1</sup> Este traballo foi financiado pola Xunta de Galicia, dentro dos proxectos “Desenvolvemento e aplicación de técnicas de análise lingüístico-computacional de corpus orais e escritos para o procesamento do *CLUVI* (Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo)” (PGIDT01PXI30203PR) e “Estudio e adquisición de recursos básicos de lingüística computacional do galego para a elaboración e mellora de aplicacións informáticas de tecnoloxía lingüística” (ref. PGIDT01TICC06E); e mais polo Ministerio de Ciencia y Tecnología (MCYT) e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do proxecto “Procesamiento lingüístico-computacional del Corpus Lingüístico de la Universidad de Vigo (*CLUVI*)” (ref. BFF2002-01385). Máis información en <http://webs.uvigo.es/sli>.

medios de comunicación. Os obxectivos de procesamento do CLUVI inclúen a súa etiquetaxe morfosintáctica completa e o aliñamento das equivalencias oracionais dos dous corpus paralelos, a extracción de información léxica, terminolóxica e fraseolóxica dos corpus etiquetados e a transferencia de resultados para aplicacións de tradución automática, extracción de información e resumo de documentos, recuperación de información en Internet e correctores gramaticais para procesamento de textos. Está en fase de elaboración a ampliación do CLUVI con textos paralelos portugués-galego.

Nesta exposición, presentámo-lo etiquetario morfosintáctico empregado no SLI (Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo) para a anotación lingüística do CLUVI, amosando en concreto as solucións adoptadas para a explotación do corpus paralelo TECTRA. Na exposición inclúese unha descrición do etiquetario morfosintáctico para a lingua galega elaborado polo SLI consonte as directrices estándares europeas elaboradas por EAGLES (*Expert Advisory Group on Language Engineering Standards*) (Leech e Wilson 1996; Monachini e Calzolari 1996, 1999), adaptadas por vez primeira ó galego. Preséntanse así mesmo as correspondencias entre o etiquetario SLI do galego e o etiquetario intermedio proposto por EAGLES (Leech e Wilson 1996) como representación lingüisticamente neutral do conxunto de pares atributo-valor que describen a información lingüística codificada nas etiquetas.

## 2. O corpus TECTRA

O corpus TECTRA (Álvarez Lugrís 2001) contén catorce novelas en lingua inglesa coas súas correspondentes traducións ó galego, cun total de 1.127.044 palabras, das cales 551.878 corresponden ás catorce traducións galegas e 575.166 ós catorce orixinais ingleses. Nos apéndices deste traballo pódese ve-la relación completa de orixinais e traducións recompiladas neste corpus. Nunha fase inicial, os textos de TECTRA adquiríronse mediante dixitalización das obras impresas, posteriormente revisáronse (para corrixi-los inevitables erros do recoñecemento óptico de caracteres) e finalmente etiquetáronse estruturalmente en XML, con información sobre a obra, autor/a, traductor/a, capítulo, sección, páxina, parágrafo e oración.

O procesamento lingüístico computacional de TECTRA, dentro do proxecto CLUVI do SLI, presenta tres vertentes diferenciadas: etiquetaxe, aliñamento e explotación. Na etiquetaxe dos textos da sección galega do TECTRA empregámo-lo estándar XML e o etiquetario morfosintáctico elaborado polo SLI consonte as directrices de EAGLES e descrito no seguinte apartado do traballo. O sistema probabilístico de etiquetaxe e desambiguación empregado no CLUVI, desenvolvido conxuntamente polo SLI e Imaxin Software, utiliza un léxico computacional do galego que contén as especificacións morfosintácticas definidas no etiquetario do SLI. Os textos en inglés son etiquetados cun etiquetario morfosintáctico da lingua inglesa compatible co de EAGLES e ferramentas doutros grupos de investigación, como o programa informático de etiquetaxe e desambiguación Trigram's Tags (TnT), desenvolvido no Departamento de Lingüística Computacional da Universidade de Saarland (en Saarbrücken, Alemaña) para o que o SLI dispón dunha licencia de investigación.

Co fin de permitir desenvolvementos e aplicacións baseadas nas correspondencias gramaticais entre os textos galegos e ingleses etiquetados, estableceuse a correspondencia entre o etiquetario SLI para o galego e o etiquetario EAGLES para o inglés mediante o etiquetario intermedio estándar proposto tamén por EAGLES. Tanto o aliñamento como a explotación do TECTRA para a

extracción de información léxica beneficiáanse da anotación morfosintáctica e da súa correspondencia bilingüe.

O aliñamento dos bitextos almacénase en formato TMX, por ser o estándar para a codificación en XML de memorias de tradución e de corpus paralelos con independencia da aplicación utilizada (Melby 2000). A consulta pública dos corpus paralelos do CLUVI<sup>2</sup>, a través da web do SLI, permite consultar e explotar as equivalencias bilingües do TECTRA con finalidades académicas de investigación e docencia, e tamén como ferramenta para a tradución<sup>3</sup>. Cómpre salientar o feito de que o galego non conta aínda cun dicionario bilingüe inglés-galego-ínglés apto para o labor de tradución profesional, o que fai do CLUVI unha ferramenta de consulta imprescindible neste contexto. A continuación, centrarémola exposición deste traballo na descrición do etiquetario SLI para o galego e do etiquetario intermedio.

### **3. Etiquetario morfosintáctico do SLI**

#### **3.1. Deseño do etiquetario**

Para a creación do etiquetario do SLI, no que respecta á identificación dos fenómenos gramaticais relevantes en lingua galega, baseámonos principalmente na descrición gramatical de Álvarez, Regueira e Monteagudo (1986) e Álvarez e Xove (2002). Ó mesmo tempo, adoptámolas propostas de EAGLES tocante ás categorías gramaticais e ós trazos morfosintácticos que convén distinguir. Para isto, non nos limitamos a segui-las directrices xerais de EAGLES, senón que aplicamos estritamente o esquema de atributos e valores recomendado por Leech e Wilson (1996), axeitándoo para o galego de modo análogo ó que se ten feito para outras linguas, como o italiano e o alemán (Teufel 1996).

Partindo da división en categorías principais, obrigatorias segundo Leech e Wilson (1996), determinámonos os trazos morfosintácticos aplicables ó galego, prescindindo dos que non o son e engadindo atributos ou valores cando foi preciso. Deste xeito, non incluímos no etiquetario o valor “neutro” do atributo “xénero” para os nomes comúns, xa que non é aplicable ó galego; mentres que debemos engadir-lle o valor “antepretérito” ó atributo “tempo” dos verbos en modo indicativo para recolle-la forma verbal non composta do galego que expresa o que se adoita denominar pluscuamperfecto: “eu cantara”.

Outro aspecto fundamental do deseño do etiquetario do galego é o establecemento das correspondencias co etiquetario intermedio de EAGLES. O etiquetario intermedio é unha representación lingüisticamente neutral que describe os trazos lingüísticos (descritos en forma de pares atributo-valor) recollidos nun etiquetario, de xeito que se poidan facer corresponder doadamente coas marcas doutro conxunto de etiquetas (Leech e Wilson 1996). O etiquetario intermedio permítenos traballar con etiquetas definidas segundo a terminoloxía gramatical propia da lingua galega e convertelas automaticamente ós trazos definidos no estándar de EAGLES. Aplicado ó corpus paralelo TECTRA, o etiquetario intermedio permítenos establecer de xeito automático a inequívoca correspondencia entre a información gramatical dos textos en galego e a dos textos en inglés, o que posibilita a explotación destas correspondencias en procesos

---

<sup>2</sup> Os corpus paralelos do CLUVI están dispoñibles en <http://sli.uvigo.es/CLUVI/>.

<sup>3</sup> Para os diversos problemas relativos á divulgación de corpus a través da web, véxase Santos (1999).

lingüístico-computacionais posteriores á etiquetaxe, como o aliñamento dos bitextos ou a extracción automática de información léxica bilingüe contextual e fraseolóxica. De forma máis xeral, a correspondencia do etiquetario galego co etiquetario intermedio permítenos reutiliza-los textos etiquetados en aplicacións adaptadas ó estándar EAGLES.

### 3.2. Presentación do etiquetario

Para cada categoría amósanse tres táboas:

1. Táboa de relacións xerárquicas entre subcategorías, na que tamén se especifican as restriccións na aplicación de atributos e valores. Esta descrición está baseada nas recomendacións de EAGLES recollidas por Monachini e Calzolari (1999), aínda que tratamos de amosa-la xerarquía entre as subcategorías e as restriccións de aparición duns valores con outros de forma unificada, nunha soa táboa para toda a categoría, no canto de empregarmos unha táboa por cada atributo. En cada columna representamos un atributo. En cada ringleira representámo-las combinacións dos distintos valores admitidos. A xerarquía entre subcategorías amósase mediante a agrupación gráfica dos valores na táboa. Cando un valor non é aplicable, déixase a cela correspondente en branco. Os atributos ou valores específicos da lingua galega, engadidos ó etiquetario, aparecen destacados en negriña.

2. Relación de atributos e valores seguindo a numeración de Leech e Wilson (1996), tal e como queda para a súa aplicación ó galego. Inclúense os trazos que son opcionais no estándar se os adoptamos para a nosa lingua. Amósanse entre parénteses os atributos e valores que non se consideran aplicables para o galego e en negriña os específicos desta lingua, engadidos ó etiquetario.

3. Inventario completo de etiquetas para cada categoría. Inclúese unha palabra como exemplo, a etiqueta empregada na nosa codificación, a descrición gramatical correspondente á etiqueta e, por último, a codificación da etiqueta intermedia correspondente segundo a numeración de atributos e valores expresada na relación anterior. Unha vez máis, os díxitos dos valores engadidos para o galego amósanse en negriña.

A continuación amosámo-la relación completa de etiquetas do etiquetario SLI para corpus de lingua galega, agrupadas por categorías seguindo a orde e o formato da descrición estándar das recomendacións de EAGLES.

#### 3.2.1. Categoría nome

Cat = nome				
Atributos				
	Tipo	Xénero	Número	Forma
Valores	común	masc, fem, (neu)	sg, pl	<b>plena, dimin.</b>
	propio	masc, fem	sg	<b>plena, dimin.</b>
		masc, fem	pl	<b>plena</b>

Táboa 1: Xerarquía de subcategorías nominais

- (i) Tipo: 1. Común. 2. Propio.  
 (ii) Xénero: 1. Masculino. 2. Feminino. (3. Neutro.)  
 (iii) Número: 1. Singular. 2. Plural.  
 (iv) (Caso: 1. Nominativo...)  
**(v) Forma: 1. Plena. 2. Diminutivo.**

Figura 1: Atributos e valores nominais

Exemplo	Etiqueta	Descrición	Etiqueta intermedia
<i>can</i>	NCMS	nome común masculino singular	N11101
<i>folla</i>	NCFS	nome común feminino singular	N12101
<i>homes</i>	NCMP	nome común masculino plural	N11201
<i>mulleres</i>	NCFP	nome común feminino plural	N12201
<i>canção</i>	NCDMS	nome común diminutivo masculino singular	N11102
<i>follina</i>	NCDFS	nome común diminutivo feminino singular	N12102
<i>homíños</i>	NCDMP	nome común diminutivo masculino plural	N11202
<i>mulleriñas</i>	NCDFP	nome común diminutivo feminino plural	N12202
<i>Aldán</i>	NPMS	nome propio masculino singular	N21101
<i>Antía</i>	NPFS	nome propio feminino singular	N22101
<i>Acares</i>	NPMP	nome propio masculino plural	N21201
<i>Burgas</i>	NPFP	nome propio feminino plural	N22201
<i>Pedriño</i>	NPDMS	nome propio diminutivo masculino singular	N21102
<i>Carmiña</i>	NPDFS	nome propio diminutivo feminino singular	N22102

Táboa 2: Inventario de etiquetas nominais

### 3.2.2. Categoría verbo

Cat = verbo							
Atributos							
	Fin	Modo/ forma	Tempo	Pers	Nm	Xn	
Valores	finito	indicativo	pres, imperf, fut, pret, <b>antepret</b>	1,2, <b>2c,3</b>	sg, pl		
		subx	pres, imperf, fut	1,2, <b>2c,3</b>	sg, pl		
		imper		2, <b>2c</b>	sg, pl		
		cond		1,2, <b>2c,3</b>	sg, pl		
	non finito	infinitivo					
		<b>inf conx</b>			1,2, <b>2c,3</b>	sg, pl	
		participio				sg, pl	m, f
		xerundio					
		<b>xer conx</b>			1,2	pl	
		(supino)					

Táboa 3: Xerarquía de subcategorías verbais

- (i) Persoa: 1. Primeira. 2. Segunda. 3. Terceira. **4. Cortesía.**  
 (ii) Xénero: 1. Masculino. 2. Feminino. (3. Neutro.)  
 (iii) Número: 1. Singular. 2. Plural.  
 (iv) Finitude: 1. Finito. 2. Non finito.  
 (v) Forma verbal / Modo: 1. Indicativo. 2. Subxuntivo. 3. Imperativo. 4. Condicional. 5. Infinitivo. 6. Participio. 7. Xerundio. (8. Supino). **9. Infinitivo conxugado. A. Xerundio conxugado<sup>4</sup>.**  
 (vi) Tempo: 1. Presente. 2. Imperfecto. 3. Futuro. 4. Pretérito. **5. Antepretérito.**  
 (vii) Voz: 1. Activa. 2. Pasiva.  
 (viii) (Status: 1. Principal. 2. Auxiliar.)

Figura 2: Atributos e valores verbais

Para facilita-la consulta da Táboa 4, dividímo-lo inventario de etiquetas verbais en grupos, segundo o tempo e modo verbais:

<b>Indicativo presente</b>			
<i>collo</i>	VIPRS1	indicativo presente primeira singular	V10111110
<i>colles</i>	VIPRS2	indicativo presente segunda singular	V20111110
<i>colle</i>	VIPRS2C	indicativo presente segunda singular de cortesía	V40111110
<i>colle</i>	VIPRS3	indicativo presente terceira singular	V30111110
<i>collemos</i>	VIPRP1	indicativo presente primeira plural	V10211110
<i>colledes</i>	VIPRP2	indicativo presente segunda plural	V20211110
<i>collen</i>	VIPRP2C	indicativo presente segunda plural de cortesía	V40211110
<i>collen</i>	VIPRP3	indicativo presente terceira plural	V30211110

<b>Indicativo copretérito</b>			
<i>collia</i>	VICPS1	indicativo copretérito primeira singular	V10111210
<i>collias</i>	VICPS2	indicativo copretérito segunda singular	V20111210
<i>collia</i>	VICPS2C	indicativo copretérito segunda singular de cortesía	V40111210
<i>collia</i>	VICPS3	indicativo copretérito terceira singular	V30111210
<i>colliamos</i>	VICPP1	indicativo copretérito primeira plural	V10211210
<i>colliades</i>	VICPP2	indicativo copretérito segunda plural	V20211210
<i>collían</i>	VICPP2C	indicativo copretérito segunda plural de cortesía	V40211210
<i>collían</i>	VICPP3	indicativo copretérito terceira plural	V30211210

<b>Indicativo pretérito</b>			
<i>collín</i>	VIPES1	indicativo pretérito primeira singular	V10111410
<i>colliches</i>	VIPES2	indicativo pretérito segunda singular	V20111410
<i>colleu</i>	VIPES2C	indicativo pretérito segunda singular de cortesía	V40111410
<i>colleu</i>	VIPES3	indicativo pretérito terceira singular	V30111410
<i>collemos</i>	VIPEP1	indicativo pretérito primeira plural	V10211410
<i>collestes</i>	VIPEP2	indicativo pretérito segunda plural	V20211410
<i>colleron</i>	VIPEP2C	indicativo pretérito segunda plural de cortesía	V40211410
<i>colleron</i>	VIPEP3	indicativo pretérito terceira plural	V30211410

<sup>4</sup> Forma verbal pouco frecuente en galego, mais viva nalgunhas zonas para a primeira e segunda persoa do plural (Álvarez e Xove 2002: 319).

<b>Indicativo antepretérito</b>			
<i>collera</i>	VIAPS1	indicativo antepretérito primeira singular	V10111510
<i>colleras</i>	VIAPS2	indicativo antepretérito segunda singular	V20111510
<i>collera</i>	VIAPS2C	indicativo antepretérito segunda singular de cortesía	V40111510
<i>collera</i>	VIAPS3	indicativo antepretérito terceira singular	V30111510
<i>colleramos</i>	VIAPP1	indicativo antepretérito primeira plural	V10211510
<i>collerades</i>	VIAPP2	indicativo antepretérito segunda plural	V20211510
<i>colleran</i>	VIAPP2C	indicativo antepretérito segunda plural de cortesía	V40211510
<i>colleran</i>	VIAPP3	indicativo antepretérito terceira plural	V30211510

<b>Indicativo futuro</b>			
<i>collerei</i>	VIFUS1	indicativo futuro primeira singular	V10111310
<i>collerás</i>	VIFUS2	indicativo futuro segunda singular	V20111310
<i>collerá</i>	VIFUS2C	indicativo futuro segunda singular de cortesía	V40111310
<i>collerá</i>	VIFUS3	indicativo futuro terceira singular	V30111310
<i>colleremos</i>	VIFUP1	indicativo futuro primeira plural	V10211310
<i>colleredes</i>	VIFUP2	indicativo futuro segunda plural	V20211310
<i>collerán</i>	VIFUP2C	indicativo futuro segunda plural de cortesía	V40211310
<i>collerán</i>	VIFUP3	indicativo futuro terceira plural	V30211310

<b>Indicativo pospretérito</b>			
<i>collería</i>	VIPPS1	indicativo pospretérito primeira singular	V10114010
<i>collerías</i>	VIPPS2	indicativo pospretérito segunda singular	V20114010
<i>collería</i>	VIPPS2C	indicativo pospretérito segunda singular de cortesía	V40114010
<i>collería</i>	VIPPS3	indicativo pospretérito terceira singular	V30114010
<i>colleríamos</i>	VIPPP1	indicativo pospretérito primeira plural	V10214010
<i>colleríades</i>	VIPPP2	indicativo pospretérito segunda plural	V20214010
<i>collerían</i>	VIPPP2C	indicativo pospretérito segunda plural de cortesía	V40214010
<i>collerían</i>	VIPPP3	indicativo pospretérito terceira plural	V30214010

<b>Subxuntivo presente</b>			
<i>colla</i>	VSPRS1	subxuntivo presente primeira singular	V10112110
<i>collas</i>	VSPRS2	subxuntivo presente segunda singular	V20112110
<i>colla</i>	VSPRS2C	subxuntivo presente segunda singular de cortesía	V40112110
<i>colla</i>	VSPRS3	subxuntivo presente terceira singular	V30112110
<i>collamos</i>	VSPRP1	subxuntivo presente primeira plural	V10212110
<i>collades</i>	VSPRP2	subxuntivo presente segunda plural	V20212110
<i>collan</i>	VSPRP2C	subxuntivo presente segunda plural de cortesía	V40212110
<i>collan</i>	VSPRP3	subxuntivo presente terceira plural	V30212110

<b>Subxuntivo pretérito</b>			
<i>collese</i>	VSPEs1	subxuntivo pretérito primeira singular	V10112210
<i>colleses</i>	VSPEs2	subxuntivo pretérito segunda singular	V20112210
<i>collese</i>	VSPEs2C	subxuntivo pretérito segunda singular de cortesía	V40112210
<i>collese</i>	VSPEs3	subxuntivo pretérito terceira singular	V30112210
<i>collesemos</i>	VSPEP1	subxuntivo pretérito primeira plural	V10212210
<i>collesedes</i>	VSPEP2	subxuntivo pretérito segunda plural	V20212210
<i>collesen</i>	VSPEP2C	subxuntivo pretérito segunda plural de cortesía	V40212210
<i>collesen</i>	VSPEP3	subxuntivo pretérito terceira plural	V30212210

<b>Subxuntivo futuro</b>			
<i>coller</i>	VSFUS1	subxuntivo futuro primeira singular	V10112310
<i>colleres</i>	VSFUS2	subxuntivo futuro segunda singular	V20112310
<i>coller</i>	VSFUS2C	subxuntivo futuro segunda singular de cortesía	V40112310
<i>coller</i>	VSFUS3	subxuntivo futuro terceira singular	V30112310
<i>collermos</i>	VSFUP1	subxuntivo futuro primeira plural	V10212310
<i>collerdes</i>	VSFUP2	subxuntivo futuro segunda plural	V20212310
<i>colleren</i>	VSFUP2C	subxuntivo futuro segunda plural de cortesía	V40212310
<i>colleren</i>	VSFUP3	subxuntivo futuro terceira plural	V30212310

<b>Imperativo</b>			
<i>colle</i>	VIMPS2	imperativo segunda singular	V20113010
<i>colla</i>	VIMPS2C	imperativo segunda singular de cortesía	V40113010
<i>collede</i>	VIMPP2	imperativo segunda plural	V20213010
<i>collan</i>	VIMPP2C	imperativo segunda plural de cortesía	V40213010

<b>Formas non finitas</b>			
<i>coller</i>	VINFCS1	infinitivo conxugado primeira singular	V10129010
<i>colleres</i>	VINFCS2	infinitivo conxugado segunda singular	V20129010
<i>coller</i>	VINFCS2C	infinitivo conxugado segunda singular de cortesía	V40129010
<i>coller</i>	VINFCS3	infinitivo conxugado terceira singular	V30129010
<i>collermos</i>	VINFCP1	infinitivo conxugado primeira plural	V10229010
<i>collerdes</i>	VINFCP2	infinitivo conxugado segunda plural	V20229010
<i>colleren</i>	VINFCP2C	infinitivo conxugado segunda plural de cortesía	V40229010
<i>colleren</i>	VINFCP3	infinitivo conxugado terceira plural	V30229010
<i>coller</i>	VINF	infinitivo	V00025010
<i>collendo</i>	VXER	xerundio	V00027010
<i>colléndomos</i>	VXERCP1	xerundio conxugado primeira plural	V1022A010
<i>colléndodes</i>	VXERCP2	xerundio conxugado segunda plural	V2022A010
<i>collido</i>	VPARMS	participio masculino singular	V01126010
<i>collida</i>	VPARFS	participio feminino singular	V02126010
<i>collidos</i>	VPARMP	participio masculino plural	V01226010
<i>collidas</i>	VPARFP	participio feminino plural	V02226010

Táboa 4: Inventario de etiquetas verbais

### 3.2.3. Categoría adxectivo

Cat = adxectivo				
	Atributos			
	Grao	Xén	Núm	<i>Forma</i>
Valores	positivo	m, f	sg, pl	<b>plena, diminutivo</b>
	positivo	m, f	sg	<b>apocopado</b>
	superlativo, comparativo	m, f	sg, pl	<b>plena</b>

Táboa 5: Xerarquía de subcategorías do adxectivo



- (i) Grao: 1. Positivo. 2. Comparativo. 3. Superlativo.  
 (ii) Xénero: 1. Masculino. 2. Feminino. (3. Neutro.)  
 (iii) Número: 1. Singular. 2. Plural.  
 (iv) (Caso: 1. Nominativo ...)  
**(v) Forma: 1. Plena. 2. Diminutivo. 3. Apocopado.**

Figura 3: Atributos e valores do adxectivo

<i>novo</i>	AXMS	adxectivo masculino singular	AJ11101
<i>nova</i>	AXFS	adxectivo feminino singular	AJ12101
<i>novos</i>	AXMP	adxectivo masculino plural	AJ11201
<i>novas</i>	AXFP	adxectivo feminino plural	AJ12201
<i>noviño</i>	AXDMS	adxectivo diminutivo masculino singular	AJ11102
<i>noviña</i>	AXDFS	adxectivo diminutivo feminino singular	AJ12102
<i>noviños</i>	AXDMP	adxectivo diminutivo masculino plural	AJ11202
<i>noviñas</i>	AXDFP	adxectivo diminutivo feminino plural	AJ12202
<i>novísimo</i>	AXSMS	adxectivo superlativo masculino singular	AJ31101
<i>novísima</i>	AXSFS	adxectivo superlativo feminino singular	AJ32101
<i>novísimos</i>	AXSMP	adxectivo superlativo masculino plural	AJ31201
<i>novísimas</i>	AXSFP	adxectivo superlativo feminino plural	AJ32201
<i>mellor</i>	AXCMS	adxectivo comparativo masculino singular	AJ21101
<i>mellor</i>	AXCFS	adxectivo comparativo feminino singular	AJ22101
<i>mellores</i>	AXCMP	adxectivo comparativo masculino plural	AJ21201
<i>mellores</i>	AXCFP	adxectivo comparativo feminino plural	AJ22201
<i>gran</i>	AXAPMS	adxectivo apocopado masculino singular	AJ11103
<i>gran</i>	AXAPFS	adxectivo apocopado feminino singular	AJ12103

Táboa 6: Inventario de etiquetas do adxectivo<sup>5</sup>

### 3.2.4. Categoría pronome

A Táboa 7 que se inclúe a continuación, coa xerarquía de atributos e valores pronominais, non inclúe a información relativa ós pronomes persoais que, pola súa complexidade, se amosa por separado na Táboa 8. Para facilita-la consulta da Táboa 8 que se amosa máis adiante, coas restricións de aplicación entre atributos e valores dos pronomes persoais, inclúese unha columna adicional coas formas que se describen.

<sup>5</sup> No grao comparativo e nas formas apocopadas dos adxectivos, optamos por distingui-los valores de xénero aínda que a distinción non se reflecta morfoloxicamente.

Cat = pronome									
Atributos									
	Tipo-pron	Caso	Persoa	Xénero	Número	Posesivo <sup>6</sup>	Cortesía	Grao	Forma
Valores	dem		1,2,3	m, f, n	sg, pl				
	indef			m, f	sg, pl			positivo	plena, diminutivo
								superlativo	plena
	poses		1,2,3	m, f	sg, pl	sg, pl	cortés		
	interr			m, f	sg, pl				
rel <sup>7</sup>			m, f	sg, pl					

Táboa 7: Xerarquía de subcategorías pronominais

<p>(i) Persoa: 1. Primeira. 2. Segunda. 3. Terceira.                  (ii) Xénero: 1. Masculino. 2. Feminino. 3. Neutro.                  (iii) Número: 1. Singular. 2. Plural.                  (iv) Posesivo: 1. Singular. 2. Plural.                  (v) Caso: 1. Nominativo. (2. Xenitivo.) 3. Dativo. 4. Acusativo. (5. Non xenitivo.) 6. Oblicuo.                  (vi) Categoría: 1. Pronome. (2. Determinante<sup>8</sup>.) (3. Ámbolos dous.)                  (vii) Tipo-pron.: 1. Demostrativo 2. Indefinido 3. Posesivo. 4. Interr./Relat. 5. Persoal / reflexivo.                  (viii) (Tipo-det: 1. Demostrativo ... )                  (ix) Tipo especial de pron: 1. Persoal. 2. Reflexivo. (3. Recíproco.) <b>4. Exclusivo.</b>                  (x) Tipo qu-: 1. Interrogativo. 2. Relativo. 3. Exclamativo.                  (xi) Cortesía: 1. Cortés 2. Familiar.  <b>(xii) Tonicidade: 1. Tónico. 2. Átono.</b>  <b>(xiii) Grao: 1. Positivo. 2. Superlativo.</b>  <b>(xiv) Forma: 1. Plena. 2. Diminutivo.</b></p>
--

Figura 4: Atributos e valores pronominais

<sup>6</sup> Atributo que se refire á persoa posuidora: “miña” (sg)/ “nosa” (pl).

<sup>7</sup> Optamos por distinguir no etiquetario entre interrogativo e relativo malia as coincidencias morfolóxicas.

<sup>8</sup> Optamos por non empregar a distinción entre pronome e determinante, seguindo as descrições gramaticais do galego nas que nos baseamos para a elaboración do etiquetario.

Cat = pronome, tipo-pron = persoal / reflexivo								
Atributos								
Valores	Tonicidade	Caso	Tipo-pron especial	Pers.	Xén.	Núm.	Cortésia	Formas
	Tónico	Nom		pers	1		sg	
Nom Obl			pers	2		sg	fam.	<i>ti</i>
				1		pl		<i>nós</i> <i>vós</i>
				2		sg pl	cor- tés	<i>vostede</i> <i>vostedes</i>
				3	m f	sg pl		<i>el</i> <i>ela</i>
				2	m f	pl		<i>vosoutros</i> <i>vosoutras</i>
Obl			pers	1 3	m n	sg		<i>min</i> <i>elo</i> <sup>9</sup>
Átono		Dat Ac	refl <sup>10</sup> pers	3		sg pl		<i>si</i>
				1		sg pl		<i>me</i> <i>nos</i>
		Dat	pers	2		pl		<i>vos</i>
				2		sg	fam	<i>che</i>
				2		sg pl	cor- tés	<i>lle</i> <i>lles</i>
		Ac	pers	3		sg pl		<i>lle</i> <i>lles</i>
				2		sg	fam	<i>te</i>
				2	m f	sg pl	cor- tés	<i>o, a</i> <i>os, as</i>
	3			m f	sg pl		<i>o, a</i> <i>os, as</i>	
		refl	3	m f	sg pl		<i>o, a</i> <i>os, as</i>	
2				sg pl	cor- tés	<i>se</i>		
				3		sg pl		<i>se</i>

Táboa 8: Xerarquía de subcategorías do pronome persoal

Para simplifica-la consulta da Táboa 9, dividímo-lo inventario de etiquetas pronominais en grupos, segundo o tipo de pronome e as súas características:

<sup>9</sup> Forma antiga e en desuso, pero que recolleemos no etiquetario por aparecer en galego contemporáneo nalgúns frases feitas (“estar a elo”) (Álvarez, Regueira e Monteagudo 1986:160-161; RAG/ILG 1995: 91).

<sup>10</sup> No etiquetario só incluímo-lo valor “reflexivo” para as formas pronominais “si” e “se”.

<b>Pronomes demostrativos</b>			
<i>este</i>	PDMS1	pronome demostrativo masculino singular primeira	PD11100110000000
<i>ese</i>	PDMS2	pronome demostrativo masculino singular segunda	PD21100110000000
<i>aquel</i>	PDMS3	pronome demostrativo masculino singular terceira	PD31100110000000
<i>estes</i>	PDMP1	pronome demostrativo masculino plural primeira	PD11200110000000
<i>eses</i>	PDMP2	pronome demostrativo masculino plural segunda	PD21200110000000
<i>aqueles</i>	PDMP3	pronome demostrativo masculino plural terceira	PD31200110000000
<i>esta</i>	PDFS1	pronome demostrativo feminino singular primeira	PD12100110000000
<i>esa</i>	PDFS2	pronome demostrativo feminino singular segunda	PD22100110000000
<i>aquela</i>	PDFS3	pronome demostrativo feminino singular terceira	PD32100110000000
<i>estas</i>	PDFP1	pronome demostrativo feminino plural primeira	PD12200110000000
<i>esas</i>	PDFP2	pronome demostrativo feminino plural segunda	PD22200110000000
<i>aquelas</i>	PDFP3	pronome demostrativo feminino plural terceira	PD32200110000000
<i>isto</i>	PDNS1	pronome demostrativo neutro singular primeira	PD13100110000000
<i>iso</i>	PDNS2	pronome demostrativo neutro singular segunda	PD23100110000000
<i>aquilo</i>	PDNS3	pronome demostrativo neutro singular terceira	PD33100110000000

<b>Pronomes posesivos</b>			
<i>meu</i>	PVS1MS	pronome posesivo. Posuidor(a): singular primeira. Posuído(a): masculino singular	PD11110130000000
<i>miña</i>	PVS1FS	pronome posesivo. Posuidor(a): singular primeira. Posuído(a): feminino singular	PD12110130000000
<i>meus</i>	PVS1MP	pronome posesivo. Posuidor(a): singular primeira. Posuído(a): masculino plural	PD11210130000000
<i>miñas</i>	PVS1FP	pronome posesivo. Posuidor(a): singular primeira. Posuído(a): feminino plural	PD12210130000000
<i>teu</i>	PVS2MS	pronome posesivo. Posuidor(a): singular segunda. Posuído(a): masculino singular	PD21110130000000
<i>túa</i>	PVS2FS	pronome posesivo. Posuidor(a): singular segunda. Posuído(a): feminino singular	PD22110130000000
<i>teus</i>	PVS2MP	pronome posesivo. Posuidor(a): singular segunda. Posuído(a): masculino plural	PD21210130000000
<i>túas</i>	PVS2FP	pronome posesivo. Posuidor(a): singular segunda. Posuído(a): feminino plural	PD22210130000000
<i>seu</i>	PVS3MS	pronome posesivo. Posuidor(a): singular terceira. Posuído(a): masculino singular	PD31110130000000
<i>seu</i>	PVP3MS	pronome posesivo. Posuidor(a): plural terceira. Posuído(a): masculino plural	PD31120130000000
<i>seu</i>	PVS2CMS	pronome posesivo. Posuidor(a): singular segunda de cortesía. Posuído(a): masculino singular	PD21110130001000
<i>seu</i>	PVP2CMS	pronome posesivo. Posuidor(a): plural segunda de cortesía. Posuído(a): masculino singular	PD11120130001000
<i>súa</i>	PVS3FS	pronome posesivo. Posuidor(a): singular terceira. Posuído(a): feminino singular	PD32110130000000
<i>súa</i>	PVP3FS	pronome posesivo. Posuidor(a): plural terceira. Posuído(a): feminino singular	PD32120130000000
<i>súa</i>	PVS2CFS	pronome posesivo. Posuidor(a): singular segunda de cortesía. Posuído(a): feminino singular	PD22110130001000
